

ACTA DE ESTUDO DE DOCUMENTACIÓN APORTADA POLO CLASIFICADO EN PRIMEIRO LUGAR E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONÓMICA MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN ORDINARIA DO SUBMINISTRO DE VEHÍCULO PARA DISTRIBUCIÓN DE ALIMENTOS PARA COLEXIOS. CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL NÚMERO 89/2017

Na Casa do Concello de Ames sendo as once horas e trinta minutos do día catro de maio de dous mil dezaoito, reúnese a Mesa de Contratación designada para a **CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE VEHÍCULO PARA DISTRIBUCIÓN DE ALIMENTOS PARA COLEXIOS**.

ASISTENTES:

Presidente:

Don David Santomil Mosquera, concelleiro delegado de educación e cultura.

Vogais:

- Dona Rosa Ana Prada Queipo secretaria da Corporación.
- Dona Margarita Fernández Sobrino, interventora da Corporación.
- Don José Rogelio Pardo Martínez, xefe do departamento de contratación.

Secretario: Don Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación.

Constitúe o obxecto da presente reunión proceder ao exame da documentación aportada pola empresa clasificada en primeiro lugar no procedemento arriba indicado, ao obxecto de comprobar que a mesma cumpre cos requisitos necesarios para propoñer ao órgano de contratación a adxudicación da devandita obra.

Con data 12 de abril de 2018 a Xunta de Goberno Local aprobou a clasificación de ofertas e requirir a presentación do correspondente aval e demais documentación, como paso previo e necesario, para adxudicar a devandita obra.

Dito acordo foille notificado a todos os licitadores, que tomaron parte no procedemento aberto de contratación.

Con data 30 de abril de 2018 a empresa clasificada en primeiro lugar, YÁÑEZ SL presentou no rexistro xeral do Concello (rexistro de entrada nº. 000/3208) a documentación requirida para proceder a adxudicación definitiva.


A mesa de contratación analizada a documentación presentada polo clasificado en primeiro lugar, considera que cumpre cos requisitos (constitución de aval, pago de anuncios, solvencia económica e técnica, etc.) necesarios para que lle sexa adxudicada a devandita obra.

Á vista da documentación presentada a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes,

ACORDA:

Trasladar ó órgano de contratación a proposta de adxudicación subministro de “vehículo para distribución de alimentos para colexios” á empresa **YÁÑEZ SL**, con CIF B-15009566, nas condicións establecidas no acordo de clasificación de ofertas e no resto de condicións ofertadas pola empresa licitadora.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as once horas e cincuenta e dous minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretario da mesma, certifico.



Pz. Do Concello, nº2. Bertamirans
15220 AMES (A Coruña)

concellodeames@concellodeames.org
www.concellodeames.org

Tel: 981 883 002
Fax: 981 883 925

